

CONCURSO PARA O DESEÑO DO LOGOTIPO DO ANO DE AÑÓN

BASES

1. Obxectivo:

Con motivo da conmemoración do 200 aniversario do nacemento do poeta Francisco Añón, infórmase do concurso para o deseño dun logotipo que identifique ao poeta, destinado a ser a imaxe representativa do Ano de Añón en toda a difusión de información sobre o mesmo a través de documentos publicitarios, promocionais e oficiais.

2. Participantes:

O concurso está dirixido a toda a poboación escolar e estudiantil de Outes, desde a Educación Primaria á Universitaria.

3. Proposta:

- a. O deseño deberá ser orixinal e inédito
- b. Preferiblemente debe conter algunha referencia clara e identificativa da figura coñecida de Añón, a súa obra ou algún elemento (real ou simbólico) con el relacionado.
- c. Debe incluír o Slogan "2012. Bicentenario de Añón"

4. Material a entregar:

Os orixinais executados a man e con liberdade de procedemento, faranse de maneira que a súa reprodución non ofrezca dificultades e non esixa máis de dúas tintas, quedando excluídas as cores douradas, prateadas e fluorescentes.

Cada deseño deberá presentarse da seguinte forma:

- a. Ben sobre un soporte de cartulina, cun tamaño de 10x10 cm.
- b. Ben en formato dixital (GIF, JPG ou TIF), en caso de envío por correo electrónico, cunha resolución mínima de 300 pixels por pulgada.

5. Prazo de entrega de proxectos e documentación:

Ata as 13 h. do día 30 de novembro de 2011, mediante presentación en man ou por vía postal, ao seguinte enderezo:

Casa da Cultura de Outes
Avda. de S. Campio, nº 1
15230 Outes

Ou ben através del correo electrónico cultura@outes.es, indicando no asunto "Concurso Logotipo".

Ademais do proxecto, deberanse aportar os seguintes datos:

- a. Escolares de Primaria ou Secundaria Obrigatoria: Nome e Apelidos, Centro escolar, Curso e Grupo
- b. Estudantes de Bacharelato, Ciclos Formativos ou Universidade: Nome e Apelidos, Domicilio, Poboación, Teléfono ou Correo electrónico.

6. Xurado e veredito:

O xurado estará formado por:

- a. O concelleiro de Cultura do Concello de Outes

b. O comisario designado polo concello de Outes para coordinar os actos do Ano de Añón.

c. Profesores de Plástica dos tres centros educativos de Outes.

7. Premio:

Establécese un único premio de 200 euros para un único orixinal premiado e dous accésits de 50 €, todos eles en material escolar ou deportivo para o menores de idade e en metálico para os maiores de 18 anos.

8. Propiedade intelectual:

O logotipo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente do concello de Outes

9. Presentación do logotipo seleccionado:

A presentación do logotipo gañador e entrega do premio realizaranse o día da celebración do Festival de Nadal na Casa da cultura de Outes

10. Recollida do material

Os traballos non premiados poderanse retirar persoalmente polos seus autores no prazo dun mes desde a resolución do concurso.

11. Aceptación das bases.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.

Gañadora do certame:

